

XOGO LIMPO

CURSO	XOGO LIMPO
<p>OBXECTIVOS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Difundir o valor do deporte para a formación de persoas. • Concienciar a sociedade da necesidade de colaborar para eliminar a violencia e o consumo de drogas no deporte. • Ofrecer aos adestradores, directivos e deportistas ferramentas para o control da violencia no deporte e outras condutas de risco que afectan ao desenvolvemento dos mozos/as. • Potenciar as habilidades e outros coñecementos que incrementen os factores de protección dos deportistas. • Contribuír a promocionar unha conciencia cidadán crítica ante o consumo e incrementar os factores de protección persoal adquirindo habilidades, coñecementos e actitudes que reduzan o consumo ou impidan o seu inicio. • Dotar de información acerca das adicción relacionadas co consumo de sustancias e co mal uso das novas tecnoloxías.
<p>DESTINATARIOS/AS</p>	<p>Clubs deportivos do Municipio de Carballo</p>

<p>METODOLOXÍA</p>	<p>O/a profesional encargado do desenvolvemento do curso utiliza unha metodoloxía pedagóxica activa tratando de aunar os sistemas clásicos de comunicación baseada na dinámica de grupos e no fomento da participación dos asistentes que trata de ser o máis dinámica posíbel e con apoio de material audiovisual.</p> <p>Utilizarase o método de ensino activo, progresivo, de reforzo, en grupo cunha atención e orientación individualizada e estratexias de influencia e desenvolvemento de competencias.</p> <p>O curso desenvolverase en formato de sesións presenciais cos grupos de xogadores que se adscriban segundo a idade e a categoría deportiva.</p>
<p>CONTIDOS</p>	<p>O programa está composto por diferentes liñas estratéxicas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Liña 1: Campaña de carteis nos campos de fútbol do municipio ➤ Liña 2: Achegar aos diferentes clubs deportivos a carteira de servizos de Vieiro para que coñezan a oferta de programas existente. ➤ Liña 3: Formación de directivos, técnicos deportivos e adestradores dos clubs deportivos como axentes de saúde e prevención. ➤ Liña 4: Xornadas preventivas para os xogadores “Xogo Limpo” (control emocional, prevención do consumo de sustancias, prevención do mal uso das novas tecnoloxías.



ASOCIACIÓN VIEIRO

LUGAR DE CELEBRACIÓN	<p>Nos clubs deportivos</p> <p>* de non dispoñer de espazo para a realización das sesións, poderíase buscar a cesión dun local para tal fin, como por exemplo o Centro Xove ou a Biblioteca Rego da Balsa).</p>
DURACIÓN	<p>A duración é diferente para cada liña estratéxica, polo que é necesario poñerse en contacto coa entidade para acordar datas e duración.</p> <p>No caso das sesións formativas e informativas, estas teñen unha duración aproximada de hora e media por sesión.</p>